TEMA 7 - OS ECOSISTEMAS

1. TIPOS DE ECOSISTEMAS

Os ecosistemas naturais terrestres

Os seres vivos viven no chan e no aire. Os ecosistemas máis coñecidos son os **bosques** e as **praderías**.

As praderías

Son ecosistemas onde predomina a herba, aínda que tamén medran arbustos e árbores. Viven animais que se alimentan de herba e pequenos mamíferos como os roedores.

Os bosques

Son ecosistemas formados por masas de árbores combinadas con zonas de arbustos e herbas. Neles habita unha gran diversidade de animais, dende grandes mamíferos ata pequenos invertebrados.

Os ecosistemas artificiais

As cidades

Son ecosistemas formados por rúas e edificios, e ademais do ser humano, viven outros seres vivos, como insectos, paxaros, roedores e especies vexetais.

1.1 OS INTEGRANTES DOS ECOSISTEMAS:

Neste ecosistema, o medio físico está formado polas rocas, a área e a auga. O medio biolóxico polos animais.



1.2 ORGANISMO, POBOACIÓN, COMUNIDADE.

- **Organismo:** cada 1 dos seres vivos que habita no ecosistema: unha cebra.
- **Poboación:** conxunto de individuos da mesma especie que viven nun lugar: todalas cebras que viven alí.
- **Comunidade:** conxunto de poboacións que habitan nun ecosistema. Ex: Sabana: cebras, leóns, xirafas … etc

2. O MEDIO FÍSICO.

2.1 OS ELEMENTOS DO MEDIO FÍSICO.

O medio físico varía duns ecosistemas a outros debido ás condicións ambientais, composición do chan … os elementos más importantes son:

- **O Aire:** contén gases coma: osíxeno, dióxido de carbono, etc.
- **A Auga:** imprescindible para a vida.
- **O Chan:** lugar onde viven os organismos terrestres.

2.2 OS FACTORES DO MEDIO FÍSICO QUE INFLÚEN NOS SERES VIVOS.

- **Luz:** cantidade e horas de luz.
- **Temperatura:** dende lugares moi fríos a moi quentes.
- **Salinidade:** cantidade de sales na auga, dende auga doce a salgada.

Estes 3 factores influirán na adaptación dos seres vivos ao seu medio físico.

3. TIPO DE RELACIÓNS.

- **Mutualismo**: é beneficioso para ambos. Ex: abella e flores, a abella aliméntase e fecunda as flores co pole que leva nas súas patas.
- **Comensalismo**: unha especie aprovéitase doutra sen causar daño. Ex: as rémoras comen os restos da comida doutros peixes.
- **Competencia**: é negativa, compítese por algo. Ex: dous machos por unha femia.
- **Parasitismo**: unhas das especies sae beneficiada e outra perxudicada. Ex: os piollos e os homes.

4. OS ORGANISMOS DAS CADEAS ALIMENTARIAS.

- **Productor:** as plantas producen o seu propio alimento.
- **C. Primario:** come as plantas, hervívoro.
- **C. Secundario:** come o primario.
- **C. Terciario**: Come o secundario.